

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte e texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de *cuestións interrelacionadas*. Procure integrar as respostas nunha *composición redactada de maneira unitaria*.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.**

TEXTO

Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de costume. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se dá en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai cara abaixo, no se afaría a ir cara arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara arriba, nin o lume se afaría a ir cara abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume. Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón ao contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes. Pois o que hai que facer despois de aprendelo, aprendémolo facéndoo. Por exemplo, facémonos construtores construíndo e citaristas tocando a cítara. Así, tamén, practicando a xustiza facémonos xustos, moderados practicando a moderación e fortes practicando a fortaleza. Proba disto é o que sucede nas cidades. Os lexisladores fan bos ós cidadáns ensinándolles certos costumes, e esa é a vontade de todo lexislador; os que non o fan ben equivócanse e niso distínguese un bo réxime dun mal réxime.

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, libro II, 1103a14

CUESTIÓN PRINCIPAL AS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: O tránsito cara ao mundo helenístico.

II) Comprensión temática: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: A idea de cidadán en Aristóteles: a ética aristotélica.

III) Cuestión transversal: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da "Historia da Filosofía".
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte e texto de HUME e a partir del responde as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.**

TEXTO

22. Todos os razoamentos referentes a materias de feito, parecen estar fundados na relación de causa e efecto. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. Se se lle preguntara a un home por qué cre calquera cuestión acerca dun feito que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houbo nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa. ¿Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro.

23. Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ó coñecemento da causa e do efecto. Aventurarei a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos *a priori*, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

D. HUME, Investigación sobre o coñecemento humano

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: A vinculación do empirismo e o racionalismo coa revolución científica.

II) Comprensión temática: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda á seguinte cuestión temática: Fenomenismo e causalidade en Hume.

III) Cuestión transversal: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte e texto de LOCKE e a partir del responda as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de *cuestións interrelacionadas*. Procure integrar as respostas nunha *composición redactada de maneira unitaria*.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.**

TEXTO

§ 89. Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela, a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de natureza.

§ 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algúns como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio.

J. LOCKE, *Dous Tratados sobre o Goberno* (1.680-1.690). LII

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Renacemento e Reforma.

II) Comprensión temática: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e *a partir del* responda a seguinte cuestión temática: A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.

III) Cuestión transversal: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte e texto de ARISTÓTELES e a partir del responde as cuestións que se formulan.

- *Teña en conta que se trata de **cuestións interrelacionadas**. Procure integrar as respostas nunha **composición redactada de maneira unitaria**.*
- *Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e estilística.*

TEXTO

A comunidade perfecta de varias aldeas é xa a cidade, con, por así dicilo, a perfección de toda suficiencia (*autárkeia*), e nacida para vivir, pero existente para *vivir ben*. Por iso toda cidade o é por natureza, se tamén o son as comunidades previas, xa que ela é fin destas e a natureza é fin. Porque o que cada ser é, despois de rematada a súa xénese, é o que dicimos que é a súa natureza, por exemplo, a do home, do cabalo, da casa. Ademais a causa e o fin son o mellor, e a suficiencia é fin e o mellor.

De todo iso resulta que a cidade é das realidades naturais e que o home é un animal social (*zôon politikón*), e que o asocial por natureza e non por acaso ou é inferior ou superior ó home, coma o censurado por Homero coma

home sen tribo, sen leis, sen fogar

pois quen é tal por natureza tamén é desexoso de guerra, por ser como unha peza solta no xogo das damas.

Por qué o home é animal social en maior medida que a abella ou calquera animal gregario é cousa evidente: a natureza, como dicimos, nada fai en van, o home é o único dos animais que ten a palabra (*lógos*). Pois ben, a voz é signo do doloroso e do pracenteiro e por iso está presente tamén nos outros animais, xa que a súa natureza chega ata ter percepcións do doloroso e do pracenteiro e a que as signifiquen os uns ós outros. Pero a palabra é para expresar o conveniente e o danoso, así como o xusto e o inxusto, porque é propio dos homes, fronte dos outros animais, ser o único que ten percepción do ben e do mal, do xusto e do inxusto, e doutras cousas. A comunidade en todo iso fai a familia e a cidade.

A cidade está por natureza antes que a familia e que cada un de nós, pois é de necesidade que o todo estea antes que a parte: morto o todo, non haberá nin pé nin man, se non é equivocadamente, por exemplo, se falamos dunha man de pedra, a tal man será unha man morta. Todo está definido pola súa función e pola súa capacidade, de tal xeito que, cando as cousas xa non son, non se debe dicir que seguen sendo elas, senón algo co mesmo nome. É evidente, pois, que a cidade é por natureza e antes que cada un, xa que, se cada un illado non é autosuficiente, estará na mesma posición que as demais partes fronte ó todo, e aquel que non ten capacidade de vivir en sociedade ou que nada necesita pola súa autosuficiencia, non é parte ningunha da cidade, mesmamente coma unha besta ou un deus. Por natureza está en todos o impulso cara a tal sociedade, e o primeiro que a estableceu é causante de grandes bens, xa que, tal como o home cabal é o mellor dos seres vivos, así tamén, afastado de lei e xustiza, é o peor de todos, porque a inxustiza máis inatural é a que ten armas, e o home por natureza ten armas para a prudencia e a virtude, pero é moi posible que as empregue para os seus contrarios; por iso sen virtude o home é o máis impío e salvaxe, e o peor para as luxurias e as enchentes, mentres que a xustiza é da sociedade porque a xustiza é ordenación da comunidade política, a xustiza é decisión do que é xusto.

ARISTÓTELES, *Política* libro I 1253a5–a38

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓ

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación:de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.

II) Comprensión temática: (avaliación:de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: A idea de *polis* e a condición de cidadán en Aristóteles.

III) Cuestión transversal: (avaliación:de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática expoña, con claridade e rigor conceptual, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da "Historia da Filosofía".
- Comentario persoal.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A cualificación máxima de 10 puntos distribuirase así:

- 1ª parte MARCO HISTÓRICO E CONCEPTUAL** **2,5**
distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:
- Contextualización xeral. **1,25**
 - Cuestión específica de contextualización..... **1,25**
 - Trátase de avaliar os coñecementos sobre a época na que se sitúa o autor, tendo principalmente en conta a relevancia filosófica dos trazos que se mencionen. Isto non inclúe a mera mención de anécdotas.
- 2ª parte COMPRENSIÓN TEMÁTICA** **6**
- Trátase de avaliar **os coñecementos sobre o autor** centrándose na **temática formulada** e, en relación con esta, a **comprensión do texto**.
- 3ª parte CUESTIÓN TRANSVERSAL 1,5**
distribuídos consonte os seguintes criterios e proporcións:
- Cuestión transversal..... **1,5**
 - Comentario persoal **[0,5]**
 - Trátase de avaliar **a capacidade do/da alumno/a** para situar a cuestión temática no **horizonte global da historia da filosofía**.
 - Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún comentario persoal atinado que poña en evidencia a súa comprensión. Os comentarios persoais que a/a alumno/a poida eventualmente facer se son pertinentes e atinados poden ser avaliados ata 0,5 puntos. Isto é: no hipotético caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríasele **0,5 puntos**.

Todas estas cualificacións **presupoñen que** estamos diante dunha composición unitaria, ben estruturada, correcta desde o punto de vista sintáctico, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos. Así pois a corrección deberá tomar en conta os seguintes aspectos:

1. Orden e articulación da composición
2. Corrección ortográfica e gramatical
3. Riqueza léxica
4. Precisión e manexo adecuado dos conceptos

— Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos desta.

— O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria.

Criterios de Avaliación / Corrección

— No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais achacables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con lasitude erros particulares e reiterativos (inorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocablo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas inorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto.

— No que atinxe ao uso do léxico e mais á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade (que é do que se trata).